

## INFORME DE INNECESARIEDAD DE DIVISIÓN EN LOTES

Na data 21/05/2019 o Concello de Cerdedo Cotobade, solicitou ao técnico que subscribe un informe en relación a posibilidade ou non de dividir o proxecto de **SUSTITUCIÓN DE CUBRICIÓN EN VESTIARIOS ANTIGOS E ADECUACIÓNS VARIAS NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TENORIO** en lotes, todo ilo en cumprimento do establecido no art. 99 da Lei de Contratos do sector público do ano 2017, e unha vez revisado o proxecto;

### INFORMO:

**PROXECTO:** SUSTITUCIÓN DE CUBRICIÓN EN VESTIARIOS ANTIGOS E ADECUACIÓNS VARIAS NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TENORIO, concello de Cerdedo Cotobade.

**TÉCNICO:** D. Jose Luis Barros Sousa, Arquitecto Técnico.

**ORZAMENTO TOTAL:** 30.000,00 (IVE incluído)

De acordo co disposto no Artigo 99.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, xustifícase a innecesariedade de división en lotes dado que se verifican os seguintes puntos:

3. Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes puidéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.

No obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto de contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de concesión de obras.

En todo caso consideraranse motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes:

**a)** Ofeito de que a división en lotes do obxecto do contrato con levase o risco de restrinxir inxustificadamente a competencia. **NON É O CASO**

**b)** Ofeito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultara a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes, considerando ademais que moitas das unidades están intimamente relacionadas. **ESTE É O CASO**

A xuízo deste técnico, o feito, de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato, **dificultará a correcta execución** do mesmo, dado que a execución das diferentes partes que compoñen as obras, afectan á execución das outras; xa que implica coordinar a execución dos diferentes oficios de obra, o que **sería moi difícil de coordinar** en caso de dividir as obras en lotes, o que derivaría nunha maior problemática para a correcta execución das obras.

O que informo aos efectos oportunos.

*Este documento atopase asinado dixitalmente polo seu autor.*